

*As cidades mergulladas (Poesía reunida 1973-2002),*  
**Xosé Miranda**

**Lucía Novás**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

NOVÁS, LUCÍA (2011 [2004]). “*As cidades mergulladas (Poesía reunida 1973-2002), Xosé Miranda*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2004, 202-204. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1063>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

NOVÁS, LUCÍA (2004). “*As cidades mergulladas (Poesía reunida 1973-2002), Xosé Miranda*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2004, 202-204.

\* Edición dispoñíbel desde o 21 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## As cidades mergulladas (Poesía reunida 1973-2002)

Xosé Miranda

Vigo: Xerais, 2004

LUCÍA NOVAS

Xosé Miranda (Lugo, 1955) é un autor amplamente coñecido pola súa obra narrativa. Obras como *Historia dun paraugas azul* (Xerais, 1999), *A biblioteca da iguana* (Xerais, 1994) ou *Morning Star* (Xerais, 1998) son un referente na nosa literatura máis recente. Tampouco é descoñecido o seu labor etnográfico en relación co conto popular e co mito galego de tradición oral. Para a maioría do público lector Miranda é só un narrador, a súa faceta poética é practicamente descoñecida. Mais, como vemos no volume publicado por Xerais en 2003 coa súa poesía completa, *As cidades mergulladas. (Poesía reunida 1973-2002)*, a súa obra lírica vén de tempo atrás e amósanos un poeta que precede no tempo ao narrador. O libro, prologado por Darío Xohán Cabana, preséntanos un bo poeta agochado tras o seu traballo narrativo. Unha poesía que evoluciona desde o versolibrismo dos inicios, no que o ritmo non era aínda significativo, ata a etapa que comeza con *Sonetosfera* (1996) e abrangue ata a actualidade, na que predomina o soneto. Salienta en toda a súa produción a presenza dunha mestura entre o cotián, a sinxeleza e o celme do extraordinario que aparece mediante a irrupción de determinadas metáforas e cunha métrica moi medida.

Antes de publicar a súa obra completa tan só viran a luz catro dos seus poemarios, que apareceron en dous anos (1996-1997). Trátase de *Amantes e viaxeiros*

(1996), Premio Eusebio Lorenzo Baleirón do ano 1995, *Sonetosfera* (1996) que tivo un accésit do Esquíu en 1995, *Carozo azul* (1997), accésit do Premio González Garcés en 1996 e *Permiso para o curso* (1997), Premio Esquíu do ano 1996. Como se pode apreciar, todos os poemarios foron premiados nalgún certame, feito que serviu como canle para a súa publicación, como non é estraño que suceda no mundo literario galego.

Con todo, o presente volume non segue a orde cronolóxica da publicación dos libros, senón que está organizado segundo o momento de creación, intercalando poesía inédita con obras editadas. Comeza cos poemas de “Lenta luz nos lousados” (1973-1982), que aínda non viran a luz, séguenlles o primeiro e o terceiro libros publicados, *Amantes e viaxeiros* (1984) e *Carozo azul* (1985); e de novo poesía inédita intercalada con libros publicados: “Vésperas de min mesmo” (1996), *Sonetosfera* (1993), “Se parte a miña alma” (1994), *Permiso para o curso* (1995), “Escondida senda” (1997) e “Inverno e outras ausencias” (1998-2002). Como podemos apreciar, desde a xestación de *Amantes e viaxeiros* e *Carozo Azul* ata a súa publicación pasaron máis de dez anos. Unha realidade común a moitos poetas que acaba distorsionando a obra dun autor ou autora.

Daquela, por anos de edición, Xosé Miranda englobaríase na xeración dos noventa, aínda que por

idade e pola época na que comeza a escribir e a participar en recitais poéticos, debería incluírse na xeración dos oitenta. De todos os xeitos, cómpre sinalar que non comparte cos poetas dos oitenta o afán culturalista e o hermetismo; na súa poesía estes trazos aparecen moito máis dosificados.

Se analizamos o conxunto da súa produción, decatámonos da existencia de dúas etapas. Na primeira, que abrangue desde os inicios ata “Vésperas de min mesmo”, predomina o verso libre. A segunda, que comprende de *Sonetosfera* ao seu libro máis recente, está pivotada arredor da composición clásica do soneto.

“Lenta luz nos lousados” (1973-1982) recolle a súa primeira poesía, e parece que nos atopamos ante retallos doutros libros, unha especie de escolma dunha produción máis extensa. Isto débese á inexistencia dun elo de unión que vencelle os poemas. No que atinxe á métrica, predomina o verso libre, que aparece xunto a outros metros, e percíbese unha certa inexperiencia en canto ao ritmo. Os temas poéticos van desde o amor e as lembranzas da infancia ata a crítica social. Do conxunto, cabe salientar o poema composto por alexandrinos, de temática metapoética, que comeza cos versos “Para a poesía sería, tan sería que os candís/ sexan copas de lume, fago un verso medido”, que data de 1980, e no que alude a un elemento importante na súa obra, o uso do metro.

No primeiro poemario editado, *Amantes e viaxeiros*, predomina o verso libre e aínda se percibe a súa inexperiencia no manexo do ritmo. A obra semella unha combinación dos topos do amor e da viaxe. O primeiro amor (desamor) identifícase cunha viaxe que achegou sabedoría. Aparecen elementos do cotián (*alcanfor, vestida de domingo*), e os mitos de Ulises ou de Tristán e Iseo, e mesmo existe algún poema onde se trata o tema do ecoloxismo.

No poemario *Carozo azul*, o autor volve mesturar o tema do amor e da viaxe empregando outra volta o verso libre. Divídese en tres partes precedidas por un pequeno texto. Na primeira combínase o amor, o erotismo e a viaxe, e vese unha predilección polo mundo natural que non é infrecuente na poesía de Miranda. A segunda parte ten relación coas “cidades asolagadas”, predomina o tema amoroso e advírtese o motivo da Idade de Ouro no poema que inicia a serie: “¡Mazá dourada! Brillas baixo o sol”, “Próbote, pois, e o teu sabor defráudame”, “Lembro agora, ó comerte, que as mazás que comía/ nas hortas dos veciños eran verdes/ e eu conservaba aínda os dentes todos”, identificado coa infancia. A terceira parte alude aos “sedimentos”, suponse que dun amor pasado, e combínanse os motivos da neve e do frío, que simbolizan a perda do amor, coa expresión dos sentimentos máis desesperanzados.

“Vésperas de min mesmo” (1986) parece un paso atrás, unha regresión, na súa obra poética. Semella unha poesía menos evolucionada cá de *Amantes e via-*

*xeiros* e *Carozo azul*, aínda que quizais isto sexa debido a que os anteriores poemarios sufrisen reelaboracións posteriores. O tema amoroso volve ser o eixo da obra. En canto ás formas métricas, predomina outra vez o versolibrismo. No que atinxe á estrutura do poemario, divídese en catro partes tituladas “Terra silúrica”, “Barlovento”, “Neve” e “Pero”.

*Sonetosfera* encerta unha nova etapa que abrangue ata a actualidade, na que o poeta se decantará polo verso medido, co emprego adoito do soneto. O uso desta forma métrica dálle unidade á obra, como xa se reflicte no título. En canto á temática, abrangue desde os motivos propios da poesía moral medieval ata o amor, o soño ou a metaliteratura.

*Permiso para o curso* constitúe un salto cualitativo na poesía do autor. Advírtese unha maior madurez creativa, un especial coitado formal e un bo dominio do ritmo. Na obra relátase unha viaxe marítima que vén representar a propia vida do autor. Dividida en tres partes, a simboloxía do mar e do mundo dos corsarios está moi presente nela (*o pirata da Moureira, Stevenson, a lura kraken, os vikingos, as illas...*). A voz poética repasa a súa infancia, os principais mitos da súa ideoloxía (*os irmandiños, Reboiras...*), o amor (ou máis ben o desamor), etc. O poeta é un corsario, un aventureiro na busca das illas, na procura da utopía (“Bébedos de utopía e mais de ron/ penetramos nos mares milla a milla/ na procura incesante desa illa”). Mais a voz poética, finalmente, decátase de que esa illa utópica é realmente a vida (“Non hai tal vez Brasil, non hai Florida,/ e a illa máis ó sur é a propia vida”) e, tras regresar da súa viaxe, tras volver a Ítaca, atopa acougo na tranquilidade do fogar e da paternidade, na volta a un mesmo. En canto á métrica, volve decantarse polo soneto, como xa fixera en *Sonetosfera*, aínda que desta vez cos cuartetos e cos tercetos agrupados entre si, respectivamente.

“Escondida senda” (1997) vén seguir este camiño encertado por *Permiso para o curso*. Se no primeiro nos narra unha viaxe marítima e o acougo atopado no fogar e nos fillos, na propia vida, agora fálanos de como se atopou a si mesmo seguindo a “escondida senda”. E se en *Permiso para o curso* o mundo dos corsarios lle servía de metáfora, agora sèvese da lenda de Abelardo e Heloísa, deses amantes medievais que mantiveron a paixón a pesar da distancia; aínda que tamén xorde o mito de Edipo en canto personaxe con destino aciago e a súa relación coa esencia do ser humano (a pregunta da esfínx). A obra divídese en dúas partes, “Tebas, ou Pedro Abelardo” e “Heloísa, ou terra de asilo”. No que atinxe á métrica, emprega o mesmo tipo de composición que en *Permiso para o curso* (soneto cos cuartetos e tercetos agrupados entre si, respectivamente), o que é un elemento máis que sinala a relación entre os dous poemarios.

A voz poética parte dunha situación na que non é consciente de si mesma, non se coñece, non atinxe ao

interior da súa persoa, para realizar un percorrido que a levará á esencia do seu ser (“Busco a escondida senda que me leve”, 301). Esta temática combínase co amor e cun erotismo moi explícito, con certas similitudes coa lírica medieval. A viaxe (Alexandría, Simbad...) volve representar, coma en anteriores poemarios, o percorrido pola súa vida. O mito de Edipo aparece en relación con ese destino funesto ao que vai ligado a voz poética e o ser humano en xeral. Tampouco deixa de lado o poeta o tema social, con poemas como “Contra Caín” ou o metaliterario, no que volve incidir no tema do uso do metro (“Hai quen cre que non pode haber poesía/ rimada. Os partidarios deste credo/ defenestran con Shakespeare a Quevedo”). Finalmente, a voz poética exprésanos que xa se atopou a si mesma: “Tomou a miña mente, ó ver aquilo,/ o mando e agora vou pola escondida/ senda de volta a min, e eu contento”.

“Inverno e outras ausencias” (1998-2002) recolle a última poesía creada polo autor. Resalta o conxunto de sonetos nos que homenaxea a diferentes poetas da

literatura galega, nos que se aprecia un gran coidado formal e un bo dominio do metro.

En xeral, presenta a poesía de Xosé Miranda un predominio do tema amoroso e do motivo da viaxe, así como a existencia de dúas etapas na súa produción: ao período inicial no que predomina o versolibrismo (1973-1986) séguelle un segunda fase que comeza en 1993 e vai ata a actualidade, na que a forma métrica esencial é o soneto. Tamén cabe resaltar os seus poemarios *Permiso para o curso* (1997) e “Escondida senda” por conformar unha unidade que xira arredor da poetización da propia existencia, do crecemento vital. Nestas dúas obras, ao meu ver, está o cume da poesía do autor.

No que atinxe a estas obras completas, bótase de menos quizais unha depuración maior á hora de publicar inéditos (a presenza do poema que conforma o apartado “Se parte a miña alma” non ten moito sentido), aínda que cabe resaltar o valor innegable desta iniciativa por ofrecernos a produción poética que aínda non vira a luz deste poeta que é Xosé Miranda ■

## *Territorio da desaparición*

Miguel Anxo Fernán Vello

Vigo: Galaxia, 2004

## *Capital do corpo*

Miguel Anxo Fernán Vello

A Coruña: Deputación da Coruña, 2004

TERESA SEARA

Despois dun longo período de silencio editorial —roto unicamente polos textos publicados en revistas e obras colectivas—, será no 2004 cando Miguel Anxo Fernán Vello nos ofrezca dúas novas obras: *Territorio da desaparición* (Premio da Crítica Española e Irmandade do Libro) e *Capital do corpo* (Premio Miguel González Garcés). Mentres que esta última significa a recuperación do erotismo —unha das liñas temáticas primordiais na poética de Fernán Vello—, a primeira devén no que el mesmo denomina “poesía de intervención”, isto é, unha poesía comprometida e solidaria co ser humano que afonda no tema social para poñer de manifesto certas realidades cotiás que a todos nos rodean e, sobre todo, as desigualdades inherentes á nosa maneira de vivir.

Estruturalmente, *Territorio da desaparición* orgánzase en sete partes que se artellan arredor de dous núcleos temáticos. Por un lado, aparece a casa que, elevada á categoría de símbolo plurisignificativo, vén sendo un motivo común nos últimos tempos entre

os poetas galegos contemporáneos como acontece, por exemplo e desde ópticas moi distintas, en *Casa ou sombra* de Rafa Villar, no máis recente poemario de Xulio Valcárcel *Casa última*, ou na segunda obra de María Lado *Casa atlántica, casa cabaret*. Mais tamén existe outro polo temático que destaca no libro e que implica para o autor actualizar a tradición socialrealista recollendo dela o compromiso innegable cos máis desfavorecidos pero sen adoptar o prosaísmo formal senón explicitándose a través dun elaborado aparello metafórico. Agora Fernán Vello amósase coma un poeta social e urbano que nos presenta a vida sen filtros que a embelezan pero tamén suxire algúns actos de resistencia contra a irracionalidade que domina o mundo. Neste sentido, é fundamental o labor de retratista dos personaxes máis débiles e a presenza dunha voz oracular que constate a fragilidade do ser humano perante as forzas externas que o gobernan. E, parellamente, aflora a preocupación metaliteraria no gran valor que se lle outorga á palabra poética, aínda sabendo a ciencia